

A pedagogía Freinet en España nos tempos da II República

Ana María Sampedro Garrido

Universidade de Santiago

RESUMO: Dar conta de como foron os comezos da pedagogía Freinet en España é o obxectivo fundamental deste artigo. Nel seguimos os pasos dun pequeno grupo de mestres ilerdenses, que co tempo chegaron a formar a Cooperativa española da Técnica Freinet, e as súas realizacións máis importantes destacando a publicación da revistas *Colaboración*, *La imprenta en la escuela* e a creación dunha escola Freinet en Barcelona.

ABSTRACT: The purpose of this paper is to examine the origins of Freinet pedagogy in Spain. We retrace the steps of a group of schoolteachers from Lérida, who, over time, created the Spanish Cooperative Group of the Freinet Technique, and highlight their most important achievements, notably the publication of the journals *Colaboración*, *La imprenta en la escuela* and the creation of a Freinet school in Barcelona.

Introducción

Foi a II República española unha etapa caracterizada esencialmente pola renovación, sobre todo no que a política educativa se refire, cuestión con respecto á cal os gobernos republicanos puideron desenvolver con maior amplitude e eficacia as súas ideas reformadoras. Como sabemos durante este período procurouse que proxectos como o ensino grauíto, obrigatorio e laico, a escola unificada, a creación de escolas, a coeducación e a creación de consellos escolares de primeira ensinanza se levasen a cabo. Tamén se fixeron realidade outras actuacións como a realización de cursos de selección e perfeccionamento de profesores, a supresión da relixión católica de ensino obrigatorio, o recoñecemento do bilingüismo en Cataluña, a liberdade de cátedra, as misións pedagóxicas e a reforma dos planos de estudio das Escolas Normais.

Foi neste marco renovador, onde un pequeno grupo de mestres rurais ilerdenses comezan a poñer en práctica as técnicas Freinet e é tamén neste mesmo marco onde diversas iniciativas protagonizadas polos devanditos mestres dan a coñecer esta orien-

tación pedagóxica en diversos lugares da xeografía española, chegando a identificarse con ela un número considerable de profesionais do ensino.

Desafortunadamente, o comezo da Guerra Civil fai que as actividades do grupo se vexan alteradas e terminen desaparecendo. Os mestres tampouco puideron escapar aos cambios que se aveciñaban e o conflito bélico provoca a súa dispersión véndose obrigados, en último termo, ao exilio.

1. Antecedentes: o grupo Batec

A principios dos anos vinte un grupo de mestres e estudantes de maxisterio ilerenses reuníase¹ informalmente os xoves á tarde, día de festa, e os domingos, nun café de Lleida co fin de falar e cambiar impresións acerca de diversos temas: o fútbol, a situación de España e a educación².

Nestas primeiras reunións estaban, entre outros, Antonio Borrel, Jacinto Pallejà, Antonio Claverol e Josep Alcobé³. Máis tarde fóronse unindo outros mestres da zona que eran convidados ás reunións como José de Tapia e Patricio Redondo⁴. Co tempo, e unha vez que se foron coñecendo e compenetrando, o grupo foi adquirindo un carácter máis estritamente educativo bautizándose como Grupo Batec⁵ xa que, como os propios Antonio Borrell, Jacinto Palleja e Antonio Claverol din, os seus corazóns latexaban por unha escola e unha educación diferentes⁶.

Patricio Redondo e José de Tapia discutiron sobre esta necesidade e fixeron unha proposta ao grupo: iniciar charlas pedagóxicas⁷. Tratábase de organizar reunións unha vez ó mes e en cada ocasión nunha vila diferente. Sinalouse o domingo como o día propicio por

¹ Cremos que estas reunións comezaron en 1920, xa que José de Tapia ao pouco de chegar a Montoliu (Lleida), en setembro dese mesmo ano, encontrouse con esta curiosa práctica e foi convidado a unha das reunións (Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España. La revista Colaboración*, Barcelona, EUB, 1996, pp. 19-20).

² Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias de educación Freinet en Cataluña antes de 1939*, Cuadernos de Aula Libre, Huesca, nº 2, 1993, pp. 16,22 e 45.

³ *Ibidem*, p. 11.

⁴ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Vida, pensamiento y obra de José de Tapia Bujalance. Un maestro singular*, México, Editorial do autor, 1996, p. 73.

⁵ "Batec" é unha palabra catalana que se traduce por "latexo".

⁶ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias de educación Freinet... op. cit.*, pp. 16,22 e 38.

⁷ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Vida, pensamiento y obra de José de Tapia ... op. cit.*, p. 73.

ser cando os pais dos nenos se encontran desocupados. O mestre da vila visitada encargábase de organizar o *batec*. El era quen escollí o tema que se ía tratar de acordo coas necesidades e problemas escolares da zona. Tamén elixía os compañeiros máis idóneos para apoialo e defendelo nos seus comentarios, xa que algún sector da poboación podía ser reacio a certas innovacións. O lugar para realízalos era a praza pública ou un local con teito⁸. O día dividíase en tres sesións. Pola mañá tiña lugar a charla dos profesores a todo aquel que quixera asistir, especialmente para os pais de alumnos. Os temas tratados eran diversos; unhas veces abordábanse os problemas educativos que afectaban ás zonas e as súas posibles solucións, e outras era a defensa de novidades educativas que introducían os mestres na escola do lugar. Despois había un sinxelo xantar de irmandade. Pola tarde celebrábase outro encontro onde se reunían os mestres, e os temas tratados eran de carácter xeral como a coeducación, a familia e a escola, os dereitos do neno,... As discusións tiñan un trasfondo político pero “non de política partidista senón, debido aos posicionamentos político-educativos, dunha escola nova e diferente”⁹.

O Grupo Batec estaba influenciado polas orientacións educativas da Institución Libre de Enseñanza¹⁰ e tamén por educadores tales como Montessori, Decroly, Cousinet, Ferrière,... As propostas destes pedagogos chegábanlle ós mestres a través da *Revista de Pedagogía* que facía publicacións, por separado, de pequenos libríños acerca das súas propostas pedagóxicas. Algúns títulos publicados foron: *El método de Proyectos*, *El Plan Dalton* e *Los Centros de Interés*¹¹. Os mestres pertencentes ao Grupo Batec destacan, así, a influencia que esta revista tivo nel e o importante papel que xogou como canle de información e experimentación das propostas¹². Así o confirma Antonio Borrell:

“Nesa época as Publicacións da Revista de Pedagogía de Madrid editaban textos moi interesantes de autores que sinalaban orientacións para darlle vida á escola. Recibimos así a influen-

⁸ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias de educación Freinet... op. cit.*, pp. 16, 22 e 45.

⁹ *Ibidem*, p. 45.

¹⁰ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias de educación Freinet... op. cit.*, pp. 16 e 45 e Herminio Almendros, “Síntesis de la expresión Freinet en España (1930-1938)” en Movimiento Cooperativo de Escuela Popular (MCEP), *La Escuela Moderna en España*, Madrid, Zero-ZYX, 1979, p. 59.

¹¹ Fernando Jiménez Mier y Terán, “Otro colaborador. Bernabé De Pedro”, *Aula Libre*, nº 64, 1997, p. 11.

¹² *Ibidem*, p. 10, Herminio Almendros, *op. cit.*, p. 59 e Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias de educación Freinet... op. cit.*, pp. 16, 45 e 56.

cia da Institución Libre de Ensinanza. Entramos en contacto con educadores como Montessori, Decroly, Cousinet... Faciamos ensaios do que estes autores propoñían e avanzabamos polo camiño dunha educación edificante".¹³

Tamén Josep Alcobé, quen felizmente aínda vive actualmente, fala ó respecto:

"Os ensaios pedagóxicos feitos polos integrantes do Grupo Batec ao principio baseábanse en certas propostas tomadas de libros editados principalmente polas Publicacións da Revista de Pedagogía de Madrid".¹⁴

Xoga un papel importante Herminio Almendros, inspector escolar en Lleida neste tempo. Almendros compartía co Grupo Batec as mesmas inquietudes e traballaba pola renovación escolar. El era quen animaba aos mestres a realizar ensaios e prácticas educativas con todos aqueles métodos, procedementos e técnicas que puidesen achegar novos elementos e enfoques cara a unha escola nova¹⁵. O propio Almendros expresa así as súas preocupacións:

"(...) fun destinado, como inspector escolar, na provincia de Lleida, case toda ela de antigas comunidades rurais e aldeas (...). Cheguei ás escoliñas rurais da terra chá e da montaña; escoliñas mistas, dun só mestre a maior parte, apartadas e esquencidas. Detívenme nelas, observei ben o seu traballo, reunín pequenos grupos de mestres aquí e alá (...).

(...) había que axudarles a mellora-lo seu labor docente, a levanta-lo seu espírito profesional.

(...) Suxería traballo máis natural e interesante có convencional acostumbrado (...). Dábame conta da pouca eficacia da miña axuda, e así crecía a miña preocupación no meu propósito de atopar medios máis prácticos e útiles de vivificar dalgún xeito aquela pobre realidade pedagóxica con novos e eficaces incentivos".¹⁶

Un deses incentivos novos e eficaces é a técnica Freinet da imprenta da que o inspector foi un dos seus máximos difusores en España e posteriormente no seu exilio cubano.

2. A Cooperativa española da técnica Freinet

En 1930 Jesús Sanz, profesor da Escola Normal de Lleida, volve de Xenebra, onde fora bolseiro durante un curso no Instituto J.J. Rousseau de Ciencias Pedagóxicas, e trae canda

¹³ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias de educación Freinet... op. cit.*, p. 16. (Traducción da autora)

¹⁴ *Ibidem*, p. 45. (Traducción da autora)

¹⁵ *Ibidem*, pp. 16, 39, 45 e 56.

¹⁶ Herminio Almendros, *op. cit.*, pp. 59-60. (Traducción da autora)

el información interesante sobre o traballo de Freinet e os seus colaboradores, que lle proporciona ó inspector Almendros¹⁷. Fálalle do traballo *L'Impremeire à l'École*¹⁸ e préstalle o libro de Freinet *Plus de manuels scolaires*. Esta pequena obra impresiona a Almendros:

“Había nel unha visión realista do labor escolar nas escolas públicas, unha crítica clara e valente dos procedementos pedagóxicos usuais (...) había un intento esforzado, orixinal, intelixente de crear novos instrumentos e novas técnicas docentes”.¹⁹

Inmediatamente escribelle a Freinet pedíndolle máis información e preguntándolle pola maneira de conseguir unha imprenta.²⁰ Mentres recibe a resposta, Almendros pon en situación a algúns membros do Grupo Batec, especialmente a José de Tapia e Patricio Redondo. Non tarda en recibir un paquete coa imprenta construída por Freinet, compoñedores, un rolo, mostras de cadernos impresos e unha colección de *L'Imprimerie à l'École*. Ademais, Freinet móstrase ilusionado coa posible colaboración de mestres españois e ofrece axuda do grupo francés²¹. Empeza deste xeito “un amplo campo de renovación escolar”²².

Almendros consegue máis materiais cedidos por imprentas locais e, xunto con Tapia e Redondo, fai unha primeira proba. Resulta exitosa e deciden probar cos nenos. O primeiro ensaio realízao Jose de Tapia cos seus alumnos de Montoliu. A esta experiencia séguenlle outras feitas por integrantes do Grupo Batec, espacío este onde a imprenta encontra un importante campo de cultivo.²³

¹⁷ Elise Freinet, nunha carta que en 1969 envía ós asistentes o I Encontro Peninsular das Técnicas Freinet, menciona a Manuel Cluet, mestre madrileño, de quen di que xa no 1927 asistiu dende Madrid ó I Congreso da Imprenta na Escola en Tours para iniciarse na práctica das técnicas Freinet “Carta de Elise Freinet” (citada por Ferrán Zurriaga, “La segunda época de la experiencia Freinet en España” en MCEP, *op. cit.*, p. 78). Sen embargo, ese é o único documento, dos que manexamos, onde se fai referencia a este feito debido quizais a que non tivo repercusións significativas na evolución do movemento no noso país.

¹⁸ Revista do movemento Freinet francés (Cooperativa de Ensino Laico) e órgano de difusión do mesmo que no ano 1932 se pasou a chamar *L'Éducateur prolétarien*.

¹⁹ Herminio Almendros, *op. cit.*, p. 61. (Traducción da autora)

²⁰ Josep Alcobé afirma que foi o propio Jesús Sanz o que adquiriu a imprenta en Xenebra e a trouxo a España (Josep Alcobé, “El movimiento Freinet en España hasta 1939” en MCEP, *op. cit.*, p. 53). Nós cremos correcta a versión de Almendros por estar directamente implicado nos feitos.

²¹ Herminio Almendros, *op. cit.*, pp. 62-63.

²² Ferrán Zurriaga, “El movimiento Freinet en España. Itinerario de la Escuela moderna”, *Cuadernos de Pedagogía*, nº 54, 1979, p. 20.

²³ Herminio Almendros, *op. cit.*, pp. 63-64, Josep Alcobé, *op. cit.*, p. 54 e Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias de educación Freinet... op. cit.*, páxs 17, 39 e 46.

Comézase coa construción de media ducia de prelos, produción que axiña aumentaría, xa que os mestres vían o traballo que se estaba a facer e querían experimentar. A técnica vaise difundindo e o número de practicantes vai aumentando, integrándose algúns mestres da provincia de Barcelona.²⁴

A proclamación da II República tralas eleccións de abril de 1931 veu a favorecer esta dinámica de traballo. Comeza un interese xeral polas cuestións escolares e por novos criterios pedagóxicos. Impúlsase a educación popular a través da creación de escolas e da formación de mestres, organizando cursos de perfeccionamento e de selección de mestres para as escolas que se van creando.²⁵

Este feito, xunto coa creación da Escola Normal da Generalitat, provoca unha serie de traslados dos membros do Batec (Jesús Sanz, Patricio Redondo e José de Tapia a Barcelona e Herminio Almendros a Huesca e, posteriormente, tamén a Barcelona) que afectan á organización do grupo, que pasa de Lleida a Barcelona²⁶. Sen embargo, estes cambios tamén contribuen a que a técnica de imprenta sexa coñecida en novos lugares.

En 1932 a *Revista de Pedagogía* publica no número 28 da serie “La Nueva Educación”, *La Imprenta en la escuela. La técnica Freinet* de Herminio Almendros. Este é o primeiro documento importante sobre a técnica publicado en lingua distinta ó francés e tamén o primeiro en lingua española. O libro ten un extraordinario eco e esperta o interese de mestres en toda a xeografía española, de xeito que moitos deles comezan a súa práctica.²⁷

O interese do profesor Jesús Sanz fixo mesmo que o propio Freinet asistira á *Escola d'Estiu* da Generalitat en 1933, onde dou dúas conferencias. Isto contribuíu a que arredor da imprenta na escola se formase un ambiente entusiasta, organizándose a Cooperativa española da técnica Freinet ó ano seguinte²⁸. O propósito fundamental era fornecer aos

²⁴ Herminio Almendros, *op. cit.*, p. 65.

²⁵ *Ibidem*, p. 65-66.

²⁶ Josep Alcobé, *op. cit.*, p. 54.

²⁷ *Ibidem*, Herminio Almendros, *op. cit.*, pp. 66-67, e Ferrán Zurriaga, *op. cit.*, p. 20.

²⁸ “Esquema histórico”, *Colaboración*, nº 5, 1935, p. 37 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, p. 101. O texto de Almendros sitúa a visita de Freinet a España en 1935 e deixa entrever que a Cooperativa puido ser creada arredor do 1931 (Herminio Almendros, *op. cit.*, p. 65). Alcobé sitúa a visita de Freinet en 1934, despois de que un grupo de mestres de Barcelona fora ó Congreso de Montpelier (Josep Alcobé, *op. cit.*, p. 55). Optamos por toma-la data sinalada como a correcta, xa que se basea nun texto publicado no momento histórico que estamos a tratar

mestres que o solicitaran o equipo para comezar a utilización da imprenta na escola. Unha vez organizada a Cooperativa, celébrase en Lleida o I Congreso da Imprenta na Escola en xullo de 1934²⁹, tendo lugar na Escola Normal de Maxisterio desa cidade, e a el asisten sobre todo mestres de Cataluña e algúns do resto de España.

Alí, os mestres reunidos, expoñen as súas inquietudes e os resultados dos seus ensaios. Destacan neste sentido as achegas de Herminio Almendros, Ana e Pilar Gavin, José de Tapia e Patricio Redondo. Todos mostran a súa preocupación polo perfeccionamento do labor escolar en prol da educación dos nenos. Os acordos aos que se chegou neste primeiro congreso son varios: intensificar a difusión da imprenta; ampliar os servizos da Cooperativa; crear unha comisión de prensa encargada da publicación do boletín da Cooperativa; organizar o servizo nacional e internacional de correspondencia interescolar; e estudar a formación do ficheiro de traballo. Logo deste Congreso e progresivamente, tódolos acordos se van levando a cabo, excepto os dous últimos para os que haberá que agardar ata o Congreso de Huesca no ano seguinte onde se volven tratar.³⁰

Coa celebración do congreso tamén ten lugar unha Exposición de traballos feitos por nenos e de diversos materiais escolares. A Exposición estaba composta por cadernos escolares con traballos escritos, impresos e ilustrados polos nenos; clixés en linóleo, cartón e madeira; rolos entintadores para os gravados en cores, álbumes e fichas; e tres modelos de prelos: o modelo Freinet que suministraba a Cooperativa, o modelo construído por esta chamado "Cooperativa" e o ideado polo cooperativista Luis G. Bover. Algunhas das escolas que participaron na Exposición foron: a de Montoliu, Puigvert, Menárguens e

e polos propios implicados. Por outra parte, cremos que Almendros e Alcobé recorren á memoria histórica para elaboralos seus textos coa conseguente probabilidade de cometer erros ó lembra-las datas de determinados feitos.

²⁹ Almendros erra de novo ao sinalar a data deste congreso que non chega a considerar como tal senón como unha primeira reunión dos integrantes da Cooperativa. Tamén erra na data do II Congreso celebrado en Huesca ao situar en 1933 (Herminio Almendros, *op. cit.*, pp. 66-67). Alcobé si considera esa primeira reunión como congreso pero omite as datas. Sen embargo, polo contexto podemos deducir que coincide con Almendros (Josep Alcobé, *op. cit.*, pp. 54-55). Finalmente, Zurriaga baseándose no texto de Almendros, só alude o I Congreso de Huesca situándoo tamén en 1933 (Ferrán Zurriaga, *op. cit.*, p. 20). Recorrendo ós números 2 e 5 de *Colaboración*, polas razóns aludidas na nota anterior, esa primeira reunión si foi considerada como congreso con data de xullo de 1934. O congreso de Huesca sitúase nese mesmo mes do 1935 (Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, pp. 64, 98, 99 e 101).

³⁰ *Ibidem*, p. 41.

as de Balaguer de Lleida; Vilanova i La Geltrú, Vallbona d'Anoia, Vilafranca del Penedès e San Feliu Sasserra de Barcelona; e Plasencia del Monte de Huesca³¹

Son significativas as palabras do cooperativista Luis G. Bover con respecto ó Congreso e a Exposición:

“(…) demostran que forman xa lexión os educadores convencidos do fracaso da escola tradicional, os que se dispoñen a mancomunar os seus esforzos, nun amplo espírito de colaboración, co fin de lograr a escola que responda ós ideais e necesidades da Humanidade nos tempos actuais”.³²

Despois do Congreso, en xullo de 1934, un grupo de mestres españois, entre eles Almendros, acoden a Francia ó VIII Congreso da Imprenta na Escola celebra en Montpellier no mes de agosto³³ e sería a partir destes acontecementos como os dous grupos, francés e español, entrarían en contacto estable a través da correspondencia e o intercambio das publicacións *Enfantines* e *L'Éducateur*.³⁴

Tal como se tiña acordado no Congreso de Lleida sae á luz o primeiro número de *Colaboración. La Imprenta en la escuela*, o boletín da Cooperativa da técnica Freinet en marzo de 1935. Non se coñece quen foron os autores do título, pero, a este respecto, é oportuno sinalar que xa entre 1921 e 1923, José de Tapia, como Etcétera, e Patricio Redondo, como Paco Itir, participaban, entre outros, con certa frecuencia na confección dunha columna editorial co encabezado catalán de “Colaboració” no diario *El ideal* de Lleida³⁵. Esta revista ía ser o medio máis importante de difusión da Cooperativa e tamén a canle de comunicación dos cooperativistas.

A difusión da pedagogía Freinet e da Cooperativa era unha das tarefas fundamentais dos seus integrantes. Foi así como en abril de 1935, María Dolores Piera, Ramón Costa

³¹ Luis G. Bover, “El congreso de Lleida”, *Colaboración*, nº 2, 1935, pp. 12-13 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, pp. 64 e 69.

³² *Ibidem*, p. 69. (Traducción da autora)

³³ Elise Freinet, *Nacimiento de una pedagogía popular*. Barcelona, Laia, 1977, p. 243. Tamén María Creus fai referencia a este congreso afirmando que se celebrou nos primeiros días de agosto de 1934 e a el asistiron “unha delegación de mestres belgas e un abondoso grupo de mestres españois” (María Creus, “VII Congreso de ‘La Imprenta en la Escuela’”, *Colaboración*, nº 1, 1935, p. 6 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, p. 60).

³⁴ Herminio Almendros, *op. cit.*, p. 68. e Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, p. 26.

³⁵ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, pp. 28-29.

Jou, José Santaularia e Tomás Cozcuella, asisten á Semana Pedagóxica de Vilafranca del Penedés, invitados por Leonor Serrano, inspectora de primeira ensinanza da comarca. Alí os compañeiros da Cooperativa expoñen perante os mestres da comarca os fundamentos da técnica Freinet, os seus ensaios e as súas experiencias.³⁶

No mes de xullo a revista *Colaboración* publica a lista de accionistas da Cooperativa con 51 nomes. A maioría deles pertencentes a Barcelona e Lleida pero tamén hai representación de Huesca, Valencia, Pontevedra, Girona, Burgos, Tarragona, Palma de Mallorca e Madrid, o que nos dá unha idea da difusión do movemento de educación popular nestes momentos.³⁷

Os días 20 e 21 de xullo celébrase o II Congreso de Imprenta na Escola na Escola Normal de Huesca³⁸. Alí tómanse importantes acordos que aluden a distintos aspectos³⁹:

- 1) Trátase de sistematizar e controlar o intercambio de publicacións escolares que ata o de agora se viña realizando de forma libre e esporádica. Apróbanse, pois, tres tipos de intercambio (o diario cunha escola corresponsal, quincenal ou mensual entre equipos de escolas e os intercambios libres) e a configuración dun servizo de

³⁶ Juan Esclasans, "Difusión de nuestra técnica", *Colaboración*, nº 3, 1935, pp. 19-20 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, pp. 75-76).

³⁷ "Lista general de Accionistas", *Colaboración*, nº 5, 1935, pp. 36-37 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, pp. 96 e 101. Este listado complétase cunha segunda relación de accionistas, admitidos provisionalmente polo Consello de Administración. Aparece no último número da revista (nº 15, xuño-xullo de 1936). A admisión definitiva ou recusación deberíase facer na Asamblea do Congreso de Manresa (*ibidem*, s.p.). Ningún dos listados está sistematizado. A segunda caracterízase por ter unha dobre numeración: do 1 ó 23 (número de aspirantes que integran esa relación) e do 57 ó 79 (que presumiblemente é a numeración coa que se pretendía completar a primeira relación de 51 cooperativistas). O problema está en quen foron os cooperativistas números 52, 53, 54, 55 e 56. Jiménez Mier y Terán baralla oito nomes que colaboraron coa Cooperativa e que non aparecen en ningún dos dous listados (Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, p. 49). Nós engadimos dous nomes máis ós que *Colaboración* alude como "compañeiros": Tomás Cozcuella e Manuel Farré Solé que aparecen nos números 3 e 12 da revista respectivamente (pp. 19 e 127).

³⁸ "II Congreso de la Imprenta en la Escuela", *Colaboración*, nº 5, 1935, s.p. en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, pp. 98-99.

³⁹ Tomás Cozcuella, "El Congreso de Huesca", *Colaboración*, nº 6, 1935, pp. 45-47 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, pp. 111-113.

revisión por conta da Cooperativa para a formación de equipos de escolas e o seu control. A proposta culmina coa publicación do "Reglamento del servicio de correspondencia interescolar nacional" no número 7 do boletín da Cooperativa.⁴⁰

- 2) Tamén se acorda a elaboración dun ficheiro de traballo que desta volta si se leva a cabo despois do fracaso no anterior congreso. Os encargados de cada área son José de Tapia como técnico en xeografía, Cosme Rofes en ciencias, Zambrano para ciencias físico-químicas e Modesto Medino para historia. A revista da Cooperativa encárgase da publicación das fichas editando dúas en cada número a partir de agosto (número 6). En total publicáronse 23 fichas. A proposta de editar un número maior de fichas por número non puido ser levada a cabo a pesar dos esforzos e debido a cuestións económicas.⁴¹
- 3) Con respecto ao Boletín da Cooperativa, acórdase intensificar a publicación duplicando o número de páxinas. Esta proposta lévase adiante inmediatamente de xeito que o número 6 da revista (agosto de 1935), o primeiro publicado despois do Congreso, xa terá un volume de 16 páxinas.
- 4) Publicación dos cadernos en español equivalentes aos *Enfantines* franceses. Será a Colección que máis tarde se denomine *Lo que escriben los niños* da que se publicaron dous números e un ensaio previo. O primeiro, *Vida Hurdana*, foi difundido amplamente entre os accionistas. O segundo número levaba por título *Aventuras de un conejillo*. *Colaboración* fai eco desta publicación no seu último número (xuño-xullo de 1936) polo que se dubida se chegou a distribuírse entre os cooperativistas. O ensaio previo ás dúas publicacións da colección foi *El conte del nen petit* do que tamén houbo difusión.⁴²

⁴⁰ Esta medida, proposta por Almendros, non é ben acollida no seo da Cooperativa. O principal contendente de Almendros é Antonio Benaiges que, nun artigo publicado no número 9 de *Colaboración* (decembro de 1935, pp. 90-91) oponse firmemente a regulamentar unha actividade tan libre. Pola súa parte, Almendros, volve reafirmar a súa postura sobre esta cuestión no número 11 da revista de febreiro de 1936, pp. 110-113. O debate non impediu que se seguira realizando o intercambio de cadernos escolares. O ficheiro de escolas proposto para facilitar o intercambio organizado non se chegou a publicar de maneira que o cumprimento do Regulamento foi laxo e quedou a criterio dos socios (Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España...*, *op. cit.*, pp. 42-43).

⁴¹ *Ibidem*, pp. 43-44.

⁴² Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España...*, *op. cit.*, p. 48.

5) Propónse tamén a publicación por parte da Cooperativa dunha obra de Freinet. A proposta chega a bo termo de xeito que no número 9 de *Colaboración* (decembro de 1935) xa se fai referencia á próxima aparición de *La imprenta en la escuela. Técnica nueva de educación popular* de Freinet e no número 15 (xuño-xullo de 1936) o libro é unha realidade.⁴³

6) É neste congreso cando se legaliza a Cooperativa e queda constituída da seguinte maneira:

Consello de Administración: Jose de Tapia, Patricio Redondo, Ana Gavín, Ramón Costa e Martín Tomás.

Comité de Contas: Luis Aige, José Casamajó e Bernardino Corral.

Comité de Publicacións: Ramón Costa, M^ª Dolores Piera e Patricio Redondo.

Asesores Técnicos: Jesús Sanz, Herminio Almendros, G. Cluet e Celestín Freinet.

7) Igual ca no anterior Congreso tamén neste se celebrou a correspondente *Exposición*. Nela mostráronse clixés en madeira, zinc, cartón, cartolina e linólo, coleccións de cadernos escolares e coleccións de *La Gerbe*, *Enfantines*, *Ficheiro Escolar* francés e de *Infancia Rural de Godoy* (República Arxentina). Tamén se efectuaron probas de prácticas de composición, impresión, manexo de material, etc.

Despois da celebración do Congreso, no mes de agosto un grupo de mestres da Cooperativa participan na Escola d'Estiu organizada pola Escola Normal da Generalitat. Imparten o curso "*Práctica de la Técnica Freinet*"⁴⁴.

⁴³ O libro, do que se fixeron mil copias, non puido chegar a distribuírse por mor da sublevación militar contra a República e o estoupido da Guerra Civil. A tradución de *L'Impremérie à l'École* foi feita por Almendros que tamén o prologou. Constaba de 160 páxinas e 12 ilustracións. A edición correu a cargo da imprenta Claret de Vilafranca del Penedés baixo a supervisión de Ramón Costa Jou (Herminio Almendros, *op. cit.*, pp. 70-71 e Josep Alcobé, *op. cit.*, pp. 56-57).

⁴⁴ Título final que se lle deu ó curso aínda coa disconformidade dos mestres da cooperativa. A Escola Normal quería un curso esencialmente práctico, xa que a concepción teórica fora exposta polo propio Freinet no verán de 1933. A Cooperativa manifestou a necesidade de expoñer contidos teóricos para que os mestres puideran comprender na súa totalidade o valor da técnica e non confundila cun simple traballo mecánico e manual. Finalmente, e a pesar do título do curso, tiveron lugar oito sesións prácticas e teóricas abordando de maneira ampla e clara a técnica da imprenta (Ramón Costa Jou, "Difusión de nuestra técnica. Nuestra intervención en la Escuela de Verano de la Escuela Normal de la Generalitat" *Colaboración*, nº 7, 1935, pp. 64-68, en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España...*, *op. cit.* pp. 148-152).

O triunfo da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936 ven renovar o entusiasmo e os esforzos en favor da educación popular. A Cooperativa prosegue e intensifica o seu traballo: continúa o espallamento do movemento Freinet, a correspondencia e o intercambio de cadernos escolares cada vez é máis numeroso, proséguese co ficheiro escolar e comézase a preparación do III Congreso. Como mostra do sinalado podemos anotar que a edición e intercambio de cadernos escolares, rica e cuantiosa, chegou a contabilizar máis de 70 publicacións⁴⁵.

Tocante á difusión da imprenta, son varias as publicacións que se fan eco desta cuestión⁴⁶:

- O número 6 do *Boletín de Educación* da provincia de Burgos (febreiro de 1936) publica un artigo de Antonio Benaiges y Nogués titulado "La técnica Freinet". O artigo produce unha excelente impresión e son varios os mestres que se poñen en contacto con Benaiges a partir da súa publicación.
- O *Boletín de Educación* da provincia de Xirona (nº V e VI) publica outro artigo sobre a imprenta. Trátase de "Un ensayo" escrito por Manuel Farré Solé, mestre da Escola Nacional de Massanet de Cabrenys.
- O semanario *Cultura*, portavoz do Maxisterio de Burgos, publica no número 89 (25 de abril de 1936) unha nota sobre os cadernos escolares da Escola Nacional Mixta de Bañuelos de Bureba (Burgos) e o traballo de Antonio Beneiges nela.
- A revista *Escuelas de España* tamén publica un traballo sobre Benaiges nun dos cinco primeiros números de 1936.
- *Trabajadores de la Enseñanza*, órgano da Federación Española de Traballadores do Ensino (F.E.T.E.), adica unha páxina do número do mes de xuño de 1936 á técnica da imprenta na escola recomendándoa polo seu valor pedagóxico.

⁴⁵ En *Colaboración* aparecen tres listados cos cadernos publicados polas escolas nas que se traballa coa técnica da imprenta. A primeira aparece no nº 1 (marzo de 1935, p. 8) con 21 publicacións. Na segunda lista (nº 2, abril de 1935, p. 16) o número de publicacións ascende a 36. O nº 13 (abril de 1936, p. 138) contén a última listaxe na que aparecen 16 novas publicacións. Sen embargo, estas non son todas e o número ampliáase considerablemente chegando a contabilizarse 72 publicacións, tendo en conta que non tódolos cadernos se publicaron á vez. Algúns, resultado das primeiras experiencias coa imprenta, foron editados antes de conformarse a Cooperativa; outros desaparecen cando os mestres se trasladan de escola. Hai que ter en conta tamén que algunhas escolas publican conxuntamente varios cadernos.

⁴⁶ "Ecos de la Imprenta" *Colaboración*, nº 12 e 15, 1936, pp. 125 e 167 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España...*, op. cit., pp. 263 e 333.

- *Claridad*, diario obreiro de Madrid, no número do 26 de xuño de 1936 publica unha extensa reportaxe sobre a imprenta na escola inserindo fotografías de alumnos traballando con ela e páxinas impresas polos nenos.
- Tamén o *Boletín* da Inspección de Castelló no seu número 6 publica un artigo de Enric Soler y Godés “Unha técnica nova de educación popular. A imprenta na escola”.⁴⁷

Como xa dixemos, a celebración do III Congreso da Imprenta na Escola é outro dos retos que se lle presenta á Cooperativa no comezo de 1936. Nunha reunión do Consello de Administración da Cooperativa acórdase celebralo en Manresa (Barcelona). Comézase a súa preparación e tamén a da *Exposición* da que José M^º Aguilar queda encargado de recoller os traballos que serían expostos. Xestiónase tamén a concesión de rebaixas nos billetes de trens para aqueles profesores que tiñan que trasladarse dende outras provincias⁴⁸. As datas sinaladas para a celebración eran o 20, 21 e 22 de xullo e o lugar o grupo escolar “Francesc Macià”. As sesións e os temas que se ían abordar tamén estaban acordados e prevíase a participación dalgúns compañeiros franceses con achegas de grande interese⁴⁹.

En Valencia programárase que o mestre Antoni Porcar participara na IV Semana Cultural Valenciana do 28 de xullo cunha conferencia que levara por título “*Cómo se hace una revista infantil según el sistema Freinet*”.⁵⁰

Sen embargo, tódolos proxectos se esvaíron o 18 de xullo co levantamento militar en Marrocos e co estoupido da Guerra Civil. O pobo triunfou nalgunhas rexións, pero noutras fíxoo o fascismo e a conseguinte represión. Os mestres que participaran no movemento da imprenta sufriron diversas sortes. Algúns dos situados na zona fascista perderon a vida. Foi o caso de Antonio Benaiges en Burgos⁵¹. Outros acudiron ao campo de batalla de onde non volveron. Nas zonas onde foi sofocado o levantamento militar algúns mestres continuaban co seu traballo nas escolas, mentres outros tamén se uniron á fronte de batalla. A este respecto parécenos significativa a carta que algúns adherentes da Cooperativa en combate na fronte lle mandan a Freinet e que Elise transcribe no seu libro:

⁴⁷ Páxina WEB do MCEP-Pais Valenciano: <http://vilaweb.com/AREES/Placa/freinet>.

⁴⁸ *Colaboración*, nº 13 e 14 pp. 137 e 149 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España...*, op. cit., pp. 281, 303 e 306.

⁴⁹ *Ibidem*, pp. 322-323.

⁵⁰ Páxina web.

⁵¹ Herminio Almendros, op. cit., p. 70.

“Apreciado camarada Freinet:

Estamos aquí, na fronte de Aragón, en loita contra o inimigo fascista, un grupo de camaradas maestros, colaboradores da grande obra escolar que representa a Imprenta na Escola. Pertencemos ao grupo fundador da Cooperativa española da técnica Freinet, técnica que practicamos xa nas nosas escolas. Podemos asegurarvos que, cando vencémos ao fascismo, toda a nosa atención volverá recaer sobre a nosa escola, co fin de traballar con maior seguridade que nunca na creación escolar que representa a nosa técnica. (...)

O noso camarada Víctor Colomer, conselleiro de cultura do Concello de Barcelona, quere crear a Escola Freinet e para iso reservou unha torre magnífica. Cremos que o camarada Colomer levará a cabo unha grande obra, porque é un mestre ben preparado, pero cremos tamén que na evolución creadora e cada día máis perfeccionada da nosa técnica, hai que avanzar lentamente, evitando que entre na nosa cooperativa toda a multitude de mestres que hoxe queren parecer modernistas, porque os nosos ideais triunfaron.

O camarada Almendros será o mellor conselleiro da nosa obra.

Un saúdo fraternal a tódolos colaboradores de ‘L’Educatour prolétarien’.

Recibe, apreciado camarada, a expresión dos nosos sentimentos máis fraternais.

O 20 de abril de 1937’

Firmas de R. Costa Jou, Jacinto Pallejà, Joan Mateu, Josep Marsal, Jaume Miret, batallón de enxeñeiros, división ‘Carlos Marx’, Torralba de Aragón (Tardienta)”.⁵²

Conforme pasa o tempo faise maior a extensión e o triunfo do fascismo de xeito que os mestres freinetianos teñen que traspasar fronteiras e comezar o difícil camiño do exilio. “Foi a fin daquel nobre esforzo en España, coa victoria fascista” expresa Almendros⁵³. Algúns puideron volver, aos poucos anos, pero non aos postos que gañaran no ensino estatal; outros puideron proseguir a súa actividade docente nos países latinoamericanos que os acolleron. Herminio Almendros pasou un tempo na escola de Vence con Freinet e marchou logo a Cuba onde desenvolveu unha gran tarefa educativa. Patricio Redondo, José de Tapia e Ramón Costa emprenderon un novo camiño en México onde crearon as súas propias escolas e introduciron as técnicas da Escola Moderna que hoxe en día contan con numerosos seguidores⁵⁴.

Esta situación dos mestres españois non foi ignorada en Francia e as iniciativas con respecto a ela foron varias. Deste modo, a asociación “Amis de Freinet”, que aínda exis-

⁵² Elise Freinet, *Nacimiento de una pedagogía popular*. Barcelona, Laia, 1977, pp. 304-305. (Traducción da autora)

⁵³ Herminio Almendros, *op. cit.*, p. 71.

⁵⁴ *Ibidem*, p. 71 e Josep Alcolbè, *op. cit.*, p. 57.

te na actualidade, dispoñía dun boletín de enlace, información e documentación do mesmo nome. Este publicou un número especial con motivo da guerra española explicando a situación. O sumario de *Amis de Freinet* estaba conformado polos seguintes temas⁵⁵:

- I. A guerra estala en España.
- II. A pesar da guerra, os republicanos continúan a súa obra de transformación da escola.
- III. "Le Pioulie" acolle a un grupo de mozos refuxiados.
- IV. Os acontecementos de España tal como son sentidos polos nenos españois.
- V. A escola Freinet de Barcelona continúa a pesar da guerra.

Efectivamente, a escola de Vence acolle, en tempos da guerra, nenos españois refuxiados. Os dez primeiros chegan en decembro de 1936, pero serán moitos os que acollan Freinet e Elise, de forma que na escola chega a haber máis nenos españois ca franceses. O matrimonio organiza quendas de quince días nas casas de familias francesas que se ofrecían a acollelos xa que na escola non se dispoñía do suficiente espacio. A escola fíxose bilingüe e estableceu correspondencia coa Escola Freinet de Barcelona⁵⁶. A fin da estada dos nenos españois en Vence ven marcada polo comezo da Segunda Guerra Mundial e o seu embarque de volta a España, ordenado pola policía de Vichy.

Pero Freinet non se limitou á acollida de nenos españois, tarefa de por si complicada, senón que tamén tratou de prover a Escola Freinet de Barcelona de material escolar para que poidese comezar a funcionar. Así o manifesta no chamamento que aparece no número citado de *Amis de Freinet* e que Alcobé transcribe:

"Para a escola Freinet de Barcelona

En Barcelona, na escola Freinet, os nenos carecen de papel, de cadernos, de plumas.

Compañeiros,

Todos podedes enviar cadernos, plumas, lápiz, papel para imprimir, por pouco que sexa. Ó día seguinte enviaremoslles ós nosos pequenos amigos un bo paquete con todo ese material indispensable para a vida da súa escola(...)"⁵⁷

⁵⁵ Josep Alcobé, "Los maestros franceses durante la guerra en España" en MCEP, *op. cit.* p. 73. (Traducción da autora)

⁵⁶ José González Monteagudo, *La pedagogía de Celestin Freinet: Contexto, bases teóricas, influencia*. Madrid, CIDE, 1988, p. 45 e Josep Alcobé, *Los maestros franceses ... op. cit.*, p. 74.

⁵⁷ Josep Alcobé, *Los maestros franceses... op. cit.*, p. 74. (Traducción da autora)

A solidariedade sen límites de Freinet e Elise chegou ata os mestres españois que estaban nos campos de concentración. Envióuselles roupa, comida, cartos e tamén material escolar para que puideran continuar o labor educativo que se iniciara nas filas do Exército Popular Republicano coas Milicias da Cultura. Tamén foron moitos os profesores españois que, gracias á axuda dos mestres franceses, puideron encontrar traballo adecuado á súa capacidade profesional e establecer un fogar nese país durante os anos de exilio.⁵⁸

2.1. *Colaboración: o medio de difusión da Cooperativa*

Ata o de agora fixemos, en repetidas ocasións, alusión á revista *Colaboración. La imprenta en la escuela* como órgano de difusión e de comunicación da Cooperativa. Queremos, nesta altura, adicar un apartado a este boletín pola súa importancia na vida da Cooperativa.⁵⁹

Como xa dixemos a idea da revista xorde no *Congreso de Lleida* en xullo de 1934. Meses despois, en marzo de 1935, publícase o primeiro número, chegando a ser un total de 15 números os publicados mensualmente dende marzo de 1935 a xuño-xullo de 1936⁶⁰. *Colaboración* pasa por dúas etapas: o ano I^o, de marzo a xullo de 1935 (do número 1 ao 5) e o ano II^o, de agosto de 1935 a xuño-xullo de 1936 (do número 6 ao 15).

As portadas dos cinco primeiros números ilustráronse alternativamente con dous modelos distintos de clixé asinados por Gavin⁶¹. Dos números 7 ao 15 a portada sofre un profundo cambio predominando o xogo de liñas. A partir deste cambio aparece tamén o sumario na portada. O número 6 é distinto a tódolos demais, cun deseño sinxelo e adicado ao *Congreso de Huesca*. É tamén a partir do número 6 cando as cubertas do boletín aparecen en cor verde. Nas contraportadas publícanse os datos formais da Cooperativa e a lista de materiais á venda cos seus prezos, así como as condicións de adquisición. Tamén aparecen aclaracións e recomendacións para os cooperativistas. A cor da impre-

⁵⁸ *Ibidem*, p. 75.

⁵⁹ A revista foi recuperada recentemente, co auxilio do profesor Claudio Lozano, polo profesor mexicano Fernando Jiménez a través dun facsímil ao que vimos aludindo durante todo este traballo. Trátase da obra *Freinet en España. La revista Colaboración*. Existe, ademais, outro estudo sobre a revista *Colaboración* realizado por Francisco Imbernón. Trátase de "Colaboración...Boletín mensual de la Cooperativa de la técnica Freinet" en *III Jornades d'Historia de l'Educació als països catalans*, Girona, novembro 1979, pp. 181-187 (Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, p. 30).

⁶⁰ En setembro de 1935 non se publicou a revista, probablemente polas vacacións de verán.

⁶¹ Jiménez Mier y Terán afirma que probablemente se trate de Ana e non de Pilar (Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, p. 29)

sión é fundamentalmente negra con diversos tamaños de letra. Algúns textos aparecen noutras cores tales como a azul, vermella, sepia e laranxa⁶². A numeración das páxinas é ininterrompida ao longo de tódolos números cun total de 168 páxinas sen contar as portadas, as contraportadas, os textos libres e os fichas do Ficheiro Escolar. Hai que mencionar de novo a duplicación do número de páxinas por número acordada no *Congreso de Huesca* e que ten lugar a partir do número 6.

A estrutura da revista non é uniforme, pero existen seccións cunha certa permanencia: a páxina editorial, a maior parte das veces sen sinatura; artigos, cartas e comentarios (algúns deles publicados xa con anterioridade) asinados por cooperativistas, simpatizantes e amigos tanto de España coma do estranxeiro; convocatorias e informes de actividades realizadas pola Cooperativa; recensións de libros; reprodución de textos libres confeccionados polos nenos das escolas membros da Cooperativa; e a publicación das fichas de traballo do Ficheiro Escolar Xeral da Cooperativa. É o caso destacar que a pesar de seren 74 os cooperativistas rexistrados só escribiron no boletín arredor de 16 que probablemente tamén son os autores das páxinas editorias sen sinatura.⁶³

A dirección da redacción corresponde co domicilio de Ramón Costa (14 de abril, 8, 2ª, Vilafranca del Penedés, Barcelona) e a da Administración co domicilio de José de Tapia (Pons y Gallarza, 1, 4ª, San Andrés, Barcelona, primeiro e o 27 da mesma rúa despois). A edición corría a cargo da Imprenta Claret (Ángel Gumera, 18, Vilafranca del Penedés, Barcelona). O custo da subscripción por un ano á revista era de 2 pesetas, prezo que se elevou a 5 cando o número de páxinas se duplicou.⁶⁴

A revista *Colaboración* xorde no ambiente de interese e preocupación pola educación que caracterizou á IIª República, gracias á confluencia de distintos factores. A este respecto Jiménez Mier y Terán fala de catro aspectos destacables⁶⁵:

1. A degradante situación educativa española. Moitas das escolas públicas dos anos 30 seguían a traballar de modo similar que había cincuenta anos. Só se aspiraba a que os nenos saíran da escola sabendo ler e escribir mecánicamente, con algunhas nocións básicas de cálculo, e soubesen de memoria algunhas nocións de xeografía

⁶² *Ibidem*, pp. 29-30.

⁶³ *Ibidem*, p. 36.

⁶⁴ *Ibidem*, p. 30.

⁶⁵ *Ibidem*, pp. 15-25.

e historia nacionais así como o catecismo. Ademais, o estado das escolas respecto á hixiene, materiais, infraestrutura, etc. era deprimente. Tampouco as condicións de traballo e salario dos mestres diferían moito desta situación⁶⁶. Os integrantes da Cooperativa da técnica Freinet educáranse nestas escolas e sufriran estas limitacións de xeito que, influenciados por perspectivas críticas, unha vez que foron mestres, loitaron por unha escola nova e buscaron novas formas de traballar cos nenos.

2. Presencia de grandes mestres. Fernando Jiménez refírese aos humildes mestres de escolas rurais que recibiran unha formación insuficiente na Escola Normal pero que, coa práctica diaria nas escolas, coa axuda doutros compañeiros e co apoio dalgúns inspectores escolares, foron capaces de encontrarlle saída á penuria que se vivía neses momentos no ámbito escolar. Estamos a falar de José de Tapia, Patricio Redondo, Ramón Costa, Antonio Benaiges, Ana Gavin, Simeón Omella, Luis G. Bover, Jacinto Pallejá, Dolores Piera, Antonio Borrel,... en fin, de todos aqueles que formaron parte importante da Cooperativa ou colaboraron activamente nela.

3. Un magnífico inspector. Estámonos a referir a Herminio Almendros. Este inspector interesouse pola impresión escolar e propiciou que nas escolas de Lleida se traballara coa prelo Freinet. A súa presenza foi fundamental no xurdimento e evolución da Cooperativa e, posteriormente, de *Colaboración*. Almendros foi a figura central en torno a que un grupo de mestres inquedaos por lograr unha escola nova e diferente se puxeron a traballar par superar a situación escolar deses anos. Así o expresa Antonio Borrel:

“Por aqueles anos tivemos a gran sorte de contar en Lleida coa presenza do inspector escolar Herminio Almendros. Era un home coñecedor e experto. Compartía moitas das nosas inquietudes e impulsábanos a realizar ensaios cos nosos rapaces”⁶⁷.

4. O pensamento educativo e as técnicas escolares de Freinet. Sen dúbida este é o elemento que ven completar a aparición de *Colaboración*. A revista “*reflicte nidamente a comprensión cabal que de Freinet tiveron, alomenos, os principais integrantes da Cooperativa española da técnica Freinet*”⁶⁸.

⁶⁶ Unha boa síntese da situación escolar española, en particular para o caso galego, nesta época é a que Gonzalo Anaya fai no prólogo ó libro de Luis Bello sobre as súas viaxes polas escolas de Galicia (Gonzalo Anaya, “Datos para comprender la situación escolar gallega en 1929” en Luis Bello, *Viaje por las escuela de Galicia*. Madrid, Akal Editor, 1973, pp. 13-29).

⁶⁷ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias de educación Freinet... op. cit.*, p. 16. (Traducción da autora)

⁶⁸ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España... op. cit.*, p. 25. (Traducción da autora)

Colaboración foi a portavoz do movemento Freinet en España, a canle de comunicación entre os integrantes dese movemento. Así se manifesta na páxina editorial do primeiro número que leva por título “Propósitos”:

“Uns cantos mestres espallados por España pretenden levar ás súas escolas novas técnicas de traballo (...) Estes mestres, animados dun fervoroso espírito de *Colaboración*, necesitaban un medio que puidera mantelos unidos facendo posible unha cooperación eficaz. Este boletín que agora nace ven a realizar os nosos desexos”.⁶⁹

Esta cooperación faise realidade a través de distintas actividades das que a revista e transmisora:

- *Colaboración* era a vía para adquirir o material necesario para imprimir. Dende o primeiro número, a revista publicou a lista de materiais empregados para imprimir e o seu prezo. Os pedidos facíanse á Administración da Cooperativa⁷⁰.
- Non só se distribuían materiais para imprimir. A través de *Colaboración* tamén se informaba sobre a aparición, a forma e prezo de adquisición doutros materiais tales como: a revista francesa *Enfantines*; os distintos números da colección *Lo que escriben los niños*, incluído o ensaio; o libro de Freinet *La imprenta en la escuela*; as acuarelas austríacas Kaspar; e as plumas Soeenecken.
- En *Colaboración* publicábanse textos libres confeccionados polos nenos de distintas escolas que practicaban a técnica da imprenta e que eran editadas con anterioridade nos cadernos escolares. En total chegaronse a publicar vintedous textos entre os números 1 e 11. A publicación de textos suspendeuse a partir deste último número⁷¹.
- Outro traballo importante da Cooperativa que se difundiu a través da revista foi o Ficheiro Escolar. As primeiras fichas que o compoñían aparecen no número 6 e ata o número 15 publícanse unha media de dúas fichas por número cun total de vintetrés.

⁶⁹ *Ibidem*, p. 51. (Traducción da autora)

⁷⁰ Ó final da lista aparecida no número 1 (marzo 1935, p. 4) aparece a seguinte afirmación: “O material servido (...) só se remite os colaboradores”. Nas listas dos números 2 e 3 (pp. 16 e 24) xa non aparece esta aclaración e a partir do número 6 (contraportada) existen unhas condicións de venda distintas para os accionistas e para os non accionistas (*ibidem*, pp. 54, 72, 82 e 132).

⁷¹ Jiménez Mier y Terán indica como posible causa a importancia e impulso que pasaron a te-las fichas escolares (*ibidem*, p. 34).

Finalmente, queremos sinalar que a confección do boletín non foi tarefa fácil para os cooperativistas, xa que sempre existiron problemas económicos. A administración, encabezada por José de Tapia, tivo unha constante inquietude pola difusión da revista de xeito que solicitaba os cooperativistas que difundiran os exemplares que ocasionalmente lles enviaban como propaganda⁷². Así se expresa no número 9 de decembro de 1935:

“Insistimos na necesidade de que cada un de nós procure facer todo o posible para logra-lo maior número de subscritores ao Boletín (...) A nosa publicación non é de ningunha empresa, nin se nutre doutros ingresos que os dos nosos compañeiros. É por iso que debemos aproveitar tódalas ocasións para llela presentar aos amigos e logra-la súa adhesión”.⁷³

A penuria económica chega a tal punto que no número 13 de abril de 1936 publícase o seguinte comunicado destinado aos accionistas:

“Lémbrales aos compañeiros accionistas que non satisfíxeron a subscrición de ‘Colaboración’, no curso pasado e no presente, a obriga que teñen de liquidar o seu importe na Administración(...)”.

A nosa seriedade non admite dilacións nas cuestións económicas. A nosa obra, que é de todos, tampouco. Sabido é que son escasos os medios financeiros cos que podemos contar, por iso, previmos, que ao compañeiro que non se ocupe de satisfacer o importe de subscricións atrasadas procederáselle á incautación da ACCIÓN respectiva, e cando se esgote, daráselle de baixa de cooperador”.⁷⁴

Á falta de fondos sumouse outro problema que veu complicar aínda máis a publicación de *Colaboración*. Foi a pouca colaboración dos accionistas na súa confección. Como xa dixemos, de setenta e catro membros da Cooperativa só chegaron a escribir no boletín 16. Isto, malia o ofrecemento que a revista fixo, a partir do Congreso de Huesca, de publicar tódolos orixinais recibidos⁷⁵. No último número da revista faise unha valoración do traballo feito ata daquela:

“O noso boletín conseguiu neste ano situar as elementais bases teóricas da nosa actividade (...) É indubidable que non podemos estar satisfeitos da publicación do noso boletín. A colaboración pouco abundante - posible nun núcleo reducido de compañeiros que tiveron que esforzarse por encher esas 16 páxinas-, a subscrición insuficiente para cubrir os gastos da tiraxe; as probas e ensaios na edición, da que se coidou un só dos nosos camaradas, con medios técnicos tipográf-

⁷² *Ibidem*, p. 34.

⁷³ “A nuestros suscriptores y accionistas”, *Colaboración*, nº 9, 1935, p. 88 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España...*, *op. cit.*, p. 192. (Traducción da autora)

⁷⁴ “A los compañeros accionistas”, *Colaboración*, nº 13, 1936, p. 133 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España...*, *op. cit.*, p. 192. (Traducción da autora)

⁷⁵ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España...*, *op. cit.*, p. 35.

ficos non sobrados, fixeron que as páxinas de Colaboración non foran senón un reflexo do noso desexo; producto da aprendizaxe para unha elaboración ulterior máis completa”.⁷⁶

3. A escola Freinet de Barcelona

Unha obra efémera pero importante do movemento Freinet español na II República e da que pouco se escribiu é a creación da escola Freinet en Barcelona en 1936, xa comezada a Guerra Civil⁷⁷. A proposta partiu do concello, onde Víctor Colomer estaba como Conselleiro Rexedor de Cultura⁷⁸, e a escola situouse nun palacete do monte Tibidabo.

Almendros escíbelle a Freinet e fálalle brevemente da escola:

“Como este edificio non estaba destinado a uso escolar, temos que acomodalo e non poderemos seguir un ritmo normal ata o mes de outubro vindeiro. Actualmente acolle 50 nenos e 4 profesores”.⁷⁹

Eses catro profesores aos que alude Almendros son probablemente Vicent Gardenys, responsable da escola, a súa dona Elena, Angela Chaberi e Joaquin Gadea. En 1937 incorporáronse María Nogués Vidiella e Juan Benimeli Navarro e ó final da experiencia Elvira Aliaga. Na escola tamén estaban Vicenta Janariz, secretaria de Gardenys e “Ramagosa”, o conserxe.⁸⁰

Pouco despois de comezar a funcionar a escola, Gardenys foi chamado a filas e Juan Benimeli pasou a ser o responsable da escola. Posteriormente foi chamado Joaquín Gadea. Vicenta Janariz tamén estivo pouco tempo na escola debido a que tivo a oportunidade de marchar a Cuba⁸¹. Gardenys era catalanista e ensinaba en catalán, mentres os outros mestres facíanno en castelán, de xeito que a escola era bilingüe.⁸²

⁷⁶ “Un año de trabajo”, *Colaboración*, nº 15, 1936, p. 154 en Fernando Jiménez Mier y Terán, *Freinet en España...*, op. cit., p. 312.(Traducción da autora)

⁷⁷ José González Monteagudo, op. cit., p. 46 e Josep Alcobé, *Los maestros franceses... op. cit.*, p. 74.

⁷⁸ Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias... op. cit.*, p. 66.

⁷⁹ Parte do texto que Alcobé transcribe do número especial da revista *Amis de Freinet* adicada a situación española durante a Guerra (Josep Alcobé, *Los maestros franceses... op. cit.*, p. 74). (Traducción da autora)

⁸⁰ Como dato curioso cómpre sinalar que ningún dos mestres mencionados figura nas listas de cooperativistas publicadas por *Colaboración*.

⁸¹ Datos elaborados a partir do artigo “Contentos como unas pascuas” onde Jiménez Mier y Terán pon en boca de María Nogués e Juan Benimeli a súa experiencia na escola Freinet (Fernando Jiménez Mier y Terán, *Seis experiencias de educación Freinet ... op. cit.*, pp. 66-67).

⁸² *Ibidem*, p. 66.

A escola Freinet era graduada. O palacete na que estaba situada pertencera aos marqueses de Villamedina. Nel, o que foran no seu tempo cuartos, acondicionáronse como aulas que dispoñían do suficiente mobiliario. A escola dispoñía tamén de comedor, cociña, xardín, horta, piscina e espacio para obradoiros. En cada clase dispoñíase ademais de unha pequena biblioteca con libros axeitados á idade dos nenos de cada grao, procurando que houbera unha enciclopedia e un dicionario.

Os alumnos que asistían á escola eran fundamentalmente do V Distrito de Barcelona, aínda que tamén asistían nenos de Sarrià. Co tempo ingresaron rapaces doutras rexións de España que, separados dos pais ou orfos, acudían a refuxiarse na escola. O número de alumnos era variable e había un grande movemento posto que mentres chegaban rapaces do resto de España, outros marchaban da escola e de Barcelona. Sen embargo, os que chegaban eran máis cós que se ían, e a escola foi medrando paseniñamente.

A pesar de que o comedor non chegou a funcionar e a escaseza de alimentos era patente, na escola tódolos nenos dispoñían durante o recreo dunha cunca de leite (regalada á escola polos cuáqueros) e unha ración de pan branco (subministrado polo Partido Laborista Inglés). A escola de Vence tamén facía chegar comida á escola de Barcelona. Foi así como recibían diversos alimentos: sopa, galletas e arroz, entre outros.⁸³

A escola estaba organizada como cooperativa. No horto, atendido por un labrador pagado polo concello, sementábanse e recollíanse diversas verduras que eran vendidas aos alumnos a prezos simbólicos e que eles levaban para as súas casas. A repartición facíase a partes iguais. O que se gañaba da venda era utilizado para comprar os utensilios necesarios para o almorzo, as sementes e fertilizantes para a horta, así coma libros e material escolar.

Na escola tamén se facían prácticas naturistas. Aqueles nenos que estaban autorizados polos pais bañábanse na piscina. Moitos que non sabían nadar aprenderon e os que non, bañábanse no xardin cunha mangureira. Despois do baño os nenos tomaban o sol.⁸⁴

Tamén se realizaban os paseos escolares que permitían o contacto coa natureza, pero a actividade que causaba máis expectación era a impresión de textos. Ningún dos mestres traballara coa técnica da imprenta e o único contacto que tiveran con ela fora a tra-

⁸³ *Ibidem*, pp. 67-68.

⁸⁴ *Ibidem*, p. 69.

vés de Antonio Benaigues, curmán de María Nogués, que durante unhas vacacións lles explicara os puntos fundamentais da técnica. Isto, xunto con algunhas lecturas dos textos de Freinet, foron as únicas bases para comezar coa utilización da imprenta, en tanto que o demais aprendéranos imprimindo. A escola estaba equipada con varios prelos; cada aula tiña o seu e tódolos alumnos traballaban coa imprenta.⁸⁵

As asembleas eran outra das actividades escolares. A asemblea xeral realizábase pola tarde e nela discutíanse temas actuais de carácter local, rexional, nacional ou internacional. Outras veces os temas tratados tiñan un carácter plenamente solidario e humanizador:

“En certa ocasión un rapaz ergueu a man para pedir a palabra. (...) solicitou que cos fondos da cooperativa da escola se comprara lá suficiente para confeccionarlle un equipo completo de inverno ao mestre Gardenys, para despois enviarlo a liña de fogo. Por unanimidade aceptouse a proposta pero, ao parecer xa non houbo tempo de executar o mandato da asemblea pois impuxéronse os Nacionais”.⁸⁶

O mesmo que outras escolas, a de Barcelona publicou dous cadernos escolares. *Petits*, confeccionado por nenos de entre 5 e 8 anos de idade, onde predominaban debuxos acompañados de textos curtos; e *Tibidabo*, feito polos maiores, entre 13 e 14 anos. Este último tiña un contido máis comprometido coa realidade que se estaba a vivir. Nel os nenos escribían textos sobre o acontecer diario, sobre as carencias e os desexos, sobre a guerra. Xunto a estes textos tamén se imprimían outros con cantigas populares, poesías, contos, anécdotas,... Facíanse ademais recensións sobre as asembleas da escola, dábase a benvida ós nenos e mestres que chegaban e difundíanse noticias. Na revista *Tibidabo* ocupaba un lugar especial a publicación de cartas que os nenos lles enviaban a personaxes importantes da política republicana e a resposta destes. En total chegaron a imprimirse 12 números.⁸⁷

Como se pode comprobar, a vida da escola foi curta pero productiva. María Nogués e Juan Benimeli falan dela e do caderno escolar *Tibidabo*:

“En tal publicación quedou reflectida de maneira clara e precisa o intenso labor realizado na Escola Freinet de Barcelona. Alí pódense consultar as fermosas imaxes e recordos daqueles felices tempos escolares que se borraron da nosa fráxil memoria. O que nunca esqueceremos

⁸⁵ *Ibidem*, p. 70.

⁸⁶ *Ibidem*, p. 71. (Traducción da autora)

⁸⁷ *Ibidem*, pp. 71-73.

da escola Freinet de Barcelona é como entre os seus nenos e os seus mestres había unha confianza absoluta (...). O paso efémero por esa escola deixounos profundamente marcados a nolos dous".⁸⁸

Chegados aquí é oportuno sinalar que a expresión da pedagogía Freinet nestes anos foi moi dinámica, moi viva, moi empírica, e que a través desta forza tivo capacidade para impactar, sen dúbida, sobre as actitudes, e as visións escolares de moitos mestres españois, dado o magnetismo, ao que se ten aludido, que se desprendía da acción e do pensamento de Celestin Freinet.

⁸⁸ *Ibidem*, p. 73. (Traducción da autora)